


# Unidade de Promoción e Desenvolvemento

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

MEMORIA DE ACTIVIDADES  
**2008 - 2010**



**Unidade de Promoción e Desenvolvemento**  
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

# Memoria de Actividades 2008-2010



# Unidade de Promoción e Desenvolvemento

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

## Director

Pedro Fírvida Diz

## Equipo técnico

Ana Pastor Gómez

Andrea Pérez Saldaña

Beatriz Rodríguez Iñarrea

José A. Méndez Pardo

Rosa Aguado López

## Persoal de apoio

Mabi Rodríguez Míguez

Manuel J. Vidal Estévez

Yolanda Fernández Alonso

## Edita

Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo



## Deseño e Maquetación

Unidade de Promoción e Desenvolvemento

## Imprime

Tórculo Artes Gráficas

## Depósito Legal

VG 1504-2008

# Índice

Un Instrumento para a Dinamización do Territorio .....	5
Datos Xerais do Proxecto UPD 2008-2010 .....	9
Composición do Equipo da UPD .....	13
Estratexias, Metodoloxías e Áreas de Traballo .....	17
Investigación e Planificación .....	20
Servizo de Información Territorial .....	20
Boletín Socioeconómicos .....	21
Banco de Ideas .....	21
Asesoramento, Deseño de Proxectos e Redacción de Estudos Específicos .....	22
Estudios Territoriais .....	22
Asesoramentos, Informes e Estudos de Viabilidade Específicos .....	23
Deseño, Asesoramento e Redacción de Proxectos de Desenvolvemento Local e Emprego .....	24
Deseño Web da MAIV .....	24
Apoio ao Servizo de Asesoramento: SAE .....	26
Deseño, Apoio e Dinamización a Proxectos de Formación e Emprego .....	27
Deseño, Asesoramento e Redacción de Proxectos de Escolas Obradoiros e Obradoiros de Emprego .....	27
Accións para a mellora da Inserción Laboral .....	59
Escola de Emprego .....	59
Difusión da Escola de Emprego .....	60
Ferramentas de EO/OE para a mellora da Empregabilidade .....	61
Deseño de webs EO/OE .....	61
Plataforma de Teleformación .....	62
Comunicación .....	63
Divulgación de Información sobre Desenvolvemento Local e Emprego .....	63
Web da UPD .....	63
Tríptico da UPD .....	65
Arco da Nova.....	65
Promoción dos programas de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego .....	65
Webs de EO/OE .....	65
Revista Landra .....	66
Avaliación das Accións de Comunicación .....	67
Actividades Xerais .....	69

# Un Instrumento para a Dinamización do Territorio



## Un Instrumento para a Dinamización do Territorio

Segundo a orde que regula as unidades de promoción e desenvolvemento, éstas configúranse como módulos de intervención en ámbitos territoriais de carácter supramunicipal que colaboran na preparación, acompañamento e avaliación dos proxectos de escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego, descubriendo as potencialidades de desenvolvemento e emprego, elaborando plans integrais de intervención destes programas e de proxectos de desenvolvemento fomentando a inserción laboral das persoas participantes en ditos proxectos.

Neste senso, a UPD da Mancomunidade Intermunicipal de Vigo favoreceu o desenvolvemento de plans integrais para a aplicación no ámbito local das políticas activas de emprego. Polo tanto, a finalidade primordial foi promover a execución de proxectos innovadores acordes coas necesidades territoriais, económicas e sociais dun territorio favorecendo un desenvolvemento sostible e equitativo e mellorando as posibilidades de inserción das persoas desempregadas, centrando a súa actividade en torno a dous ámbitos:

1. dando resposta as necesidades existentes para mellorar a planificación en materia de emprego,
2. fomentar a inserción laboral e mellorar a empregabilidade da poboación, no apoio ás entidades promotoras e aos proxectos de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego da provincia de Pontevedra, apoioando á Mancomunidade de Vigo na execución da súa estratexia de favorecer un desenvolvemento sostible e garantir un equilibrio territorial favorecendo a cohesión económica e social entre a súa poboación.

Co fin de acadar este obxectivo, as funcións principais da Unidade de Promoción e Desenvolvemento 2008-2010 foron:

- Investigar as oportunidades de desenvolvemento e emprego do territorio por medio dunha axeitada prospección e avaliación dos seus recursos dispoñibles e do uso de métodos e sistemas que permitan planificar iniciativas viables, sostidas e innovadoras.
- Colaborar co persoal técnico e axentes de emprego e desenvolvemento local de cara a deseñar e por en práctica estratexias relacionadas cos novos xacementos de emprego, iniciativas de desenvolvemento local e de escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego.
- Dinamizar e apoiar aos proxectos de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego cooperando cos AEDLs e os equipos directivos e docentes dos proxectos para mellorar o desenvolvemento das súas tarefas e funcións, proporcionándolles metodoloxías, formación e recursos.
- Desenvolver estratexias e metodoloxías de apoio dirixidas á inserción laboral por conta allea, á creación de iniciativas empresariais e ó autoemprego dos colectivos de desempregados e, especialmente, dos participantes en escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego e outros programas de cooperación.
- Avaliar os proxectos executados a través do ofrecemento de metodoloxías e ferramentas para acadar este fin.
- Facilitar e difundir información sobre o emprego e o desenvolvemento local, a través da súa organización, sistematización e divulgación entre os AEDLs, as escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego e as entidades interesadas no desenvolvemento local e na creación de emprego.

# Datos Xerais do Proxecto UPD 2008-2010





## Datos Xerais do Proxecto UPD 2008-2010

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo foi promovida por esta entidade pública e cofinanciada polo Fondo Social Europeo e a Consellería de Traballo e Benestar.

**Nº de expediente**

36/00023/2008

**Entidade promotora**

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

**Denominación**

UPD 2008 - 2010

**Sede**

Avda. Hispanidade, 17. 36203 - Vigo

**Data de inicio**

22 de decembro de 2008

**Data de finalización**

21 de decembro de 2010






# Composición do Equipo da UPD



## Composición do Equipo da UPD

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento estivo conformada por un equipo interdisciplinar distribuído nos seguintes departamentos:



Na data de finalización do proxecto, 21 de decembro de 2010, formaban parte a Unidade as seguintes persoas:

Nome	Posto	Alta na UPD	Baixa na UPD
Pedro L. Fírvida Diz	Director	22-12-08	21-12-10
Andrea Pérez Saldaña	Técnica en investigación	08-07-09	21-12-10
Rosa Aguado López	Arquitecta	21-09-09	21-12-10
Ana Pastor Gómez	Técnica en formación e inserción	22-12-08	21-12-10
Beatriz Rodríguez Iñarrea	Técnica en comunicación	22-12-08	21-12-10
Jose A. Méndez Pardo	Técnico en informática	22-12-08	21-12-10
Manuel J. Vidal Estevez	Apoio informático	22-12-08	21-12-10
Amable Rodríguez Míguez	Apoio administrativo	22-12-08	21-12-10
Yolanda Fernández Alonso	Apoio administrativo	22-12-08	21-12-10

Igualmente formaron parte do equipo da UPD as seguintes persoas:

Nome	Posto	Alta na UPD	Baixa na UPD
Pablo Cabello Vieitez	Arquitecto	22-12-08	23-12-08
Elvira Baltar Mosquera	Técnica en investigación	22-12-08	19-06-09
Lidia Nokonoko Malvido	Técnica en comunicación	08-10-09	21-12-09




# Estratexias, Metodoloxías e Áreas de Traballo

## Estratexias, Metodoloxías e Áreas de Traballo

Para definir a estratexia desenvolvida durante estes dous anos, destacaremos que, as áreas de traballo que formaron parte de UPD, ÁREA DE INVESTIGACIÓN, ÁREA DE PROXECTOS e ÁREA DE INFORMACIÓN, traballaron na potenciación dun desenvolvemento sostible e mellora das posibilidades de inserción laboral das persoas desempregadas a través do análise, a investigación, a planificación, o deseño, o apoio e a dinamización, a avaliación e a difusión da información de proxectos e programas de desenvolvemento en xeral e sobre os programas de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, en particular.

Estas áreas de traballo, interrelacionadas entre si, conformáronse en torno a catro medidas executadas a través de diferentes accións, produtos ou servizos.



Respecto as estratexias de fomento do emprego, traballáronse as seguintes tendo en conta os seguintes factores: adaptabilidade ao territorio, innovación, formación, difusión da información e traballo en rede.

En termos xerais e co obxectivo de mellorar a empregabilidade e a inserción dos demandantes de emprego, o proxecto de UPD 2008-2010:

- Promoveu a coordinación de axentes e do tecido asociativo local de cara á promoción dos recursos territoriais e a elaboración de proxectos integrais de desenvolvemento e iniciativas que promoveran a dinamización socioeconómica e a xeración de emprego.
- Colaborou de forma estable coa rede de axentes de emprego e desenvolvemento local, a través dos servizos de asistencia na que estes participan.
- Colaborou co Servizo de Asesoramento a Emprendedores da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo no ámbito da mellora dos seus servizos e na atención de iniciativas empresariais e de autoemprego.
- Promoveu recursos, servizos e metodoloxías de traballo destinadas á busca de emprego dos colectivos de desempregados, e especialmente das persoas procedentes de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego.
- Deseñou, en colaboración coas entidades promotoras, proxectos de desenvolvemento local, de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego tratando de vincularlos coa realidade socioeconómica de cada territorio.
- Realizou accións de apoio, dinamización e avaliación dos programas e proxectos de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego que se desenvolveron na provincia de Pontevedra, promovendo actuacións de carácter xeral e específicas.
- Realizou accións de sensibilización e información sobre os fins e características dos programas de emprego-formación, igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e sobre o uso das novas tecnoloxías da información.

## Investigación e Planificación

### Servizo de Información Territorial

**Obxectivo:** Servir de base informativa, en termos territoriais e socioeconómicos, aos diferentes actores sociais que actúan no territorio.

Para o desenvolvemento dos seguintes produtos, realizouse de forma continuada durante toda a UPD, unha recollida de datos exhaustiva a través de diferentes tarefas, tales como a actualización das estatísticas secundarias, o deseño de novas bases de datos e a elaboración de enquisas ou documentos dirixidos a determinadas entidades e actores do territorio.

Os produtos executados foron:

### Novo espazo WEB: INFORMACIÓN TERRITORIAL (SIT)

Na nova WEB mantense a publicación dos datos e mapas elaborados pola UPD das principais estatísticas sobre territorio, poboación, mercado de traballo e parámetros de desenvolvemento. Nesta web pódense visualizar:

- unha cartografía temática predefinida do espazo xeográfico da Mancomunidad de Vigo, asociada e elaborada a partir dos diferentes datos estatísticos.
- bases de datos estatísticas con información previamente tratada e desagregada polo equipo da UPD sobre a realidade socioeconómica de cada concello da MAIV.

A información estatística que se atopa neste sitio fai referencia ás seguintes temáticas:

- Territorio: no que se fai referencia ao encadre territorial do concello, estrutura territorial do concello, recursos naturais e medio ambiente, equipamentos, recursos culturais.
- Poboación: apartado que ofrece información sobre efectivos poboacionais, estrutura da poboación, movemento natural da poboación, movementos migratorios dos concellos da provincia de Pontevedra e polo tanto, da MAIV.
- Mercado de traballo: epigrafe que agrupa os indicadores que definen a provincia de Pontevedra e a MAIV por concellos en base a poboación activa, ocupada, parada, así como o comportamento e as relacións laborais do territorio.
- Economía: ofrece datos que describen a provincia de Pontevedra e a MAIV por concellos en base ao análise das cifras xerais da nosa economía (imposto sobre a renda, empresas, outros indicadores económicos) e as cifras concretas de cada sector de actividade (primario, secundario e terciario).

## Boletíns Socioeconómicos

**Boletín de Cifras Básicas:** Publicación que ofrece unha análise das principais variables socioeconómicas dos concellos que compoñen a Mancomunidad de Vigo e que fan referencia a poboación, territorio e economía.

Durante esta UPD editouse o número propio do ano 2009.

**Boletín do mercado de traballo:** publicación semestral que ofrece unha análise das principais variables do mercado de traballo dos concellos da Mancomunidad de Vigo: características da poboación maior de 16 anos, paro rexistrado, ocupación e sector empresarial.

Semestralmente ao longo do ano 2009 e 2010 editáronse 3 boletíns, facendo referencia a datos estatísticos do 1º semestre de 2009, 2º semestre de 2009 e 1º semestre de 2010.



## Banco de ideas

**Obxectivo:** Ofrecer aos diferentes actores sociais unha batería de ideas de proxectos de desenvolvemento local levados a cabo noutros territorios.



A través da nova web da UPD ofrécese unha relación de proxectos e accións de desenvolvemento local, postos en marcha en diferentes zonas xeográficas que constitúen exemplos de boas prácticas e que poden resultar de interese para aquelas entidades que queiran deseñar e pór en marcha os seus propios proxectos.

O Banco de Ideas, dispoñible a través da web da UPD, conta cunha sección delimitada dentro do apartado DESENVOLVEMENTO LOCAL. Nela recóllense os proxectos de desenvolvemento local baixo varios campos de datos: nome do proxecto, entidade promotora, público destinatario, obxectivos que se perseguen, etc. Ademais fíxose un pequeno resumo da acción ou proxecto, como se financiou e que principais resultados acadaron trala súa execución. As categorías de tódolos eles veñen a determinar a súa temática ou os campos de actuación que trataron, que poden ir dende a arquitectura e patrimonio, ata as NN TT e Tic´s, pasando pola formación, o emprego e o servizo a empresa, etc.

## Asesoramento, Deseño de Proxectos e Redacción de Estudos Específicos

### Obxectivo:

- Potenciar o desenvolvemento local e a creación de emprego na Mancomunidade de Vigo asesorando ás entidades locais para a execución de determinados proxectos.
- Dar resposta ás demandas das entidades para o asesoramento e o deseño de proxectos de desenvolvemento local e emprego adaptados aos recursos do territorio.

Para executar esta acción a UPD desenvolveu o seu traballo a través das seguintes vertentes:

- Realización de estudos territoriais concretos para incorporalos a proxectos mais amplos ou para xustificar e executar os mesmos.
- Asesoramentos e realización e informes ou estudos de viabilidade específicos.
- Deseño, asesoramento e redacción de proxectos de desenvolvemento local.
- Deseño da web da MAIV.
- Apoio ao Servizo de Asesoramento a Emprendedores: SAE.

## Estudios Territoriais

Elaboración dunha memoria sobre as características institucionais da Mancomunidade de Vigo e perfil socioeconómico da súa área.

- Estudio socioeconómico do concello de A Estrada (2009)
- Estudio socioeconómico do concello de Marín (2009)
- Estudio socioeconómico do concello de Moraña (2009)
- Estudio socioeconómico do concello de Mos (2009)
- Estudio socioeconómico do concello de Nigrán (2009)
- Estudio socioeconómico do concello de O Covelo (2009)
- Estudio socioeconómico do concello de O Grove (2009)



- Estudio socioeconómico do concello de Pontecesures (2009)
- Estudio socioeconómico do concello de Pontecesures (actualización)
- Estudio socioeconómico do concello de Rodeiro (2009)
- Estudio socioeconómico do concello de Vigo (2009)
- Estudio socioeconómico do concello de Vilaboa (2009)
- Estudio socioeconómico do concello de Vilaboa (actualización)
- Estudio socioeconómico do concello de A Estrada (2010)
- Estudio socioeconómico do concello de As Neves (2010)
- Estudio socioeconómico do concello de Baiona (2010)
- Estudio socioeconómico do concello de Bueu (2010)
- Estudio socioeconómico do concello de Mos (2010)
- Estudio socioeconómico do concello de O Grove (2010)
- Estudio socioeconómico do concello de Porriño (2010)
- Estudio socioeconómico do concello de Salceda de Caselas (2010)
- Estudio socioeconómico do concello de Silleda (2010)
- Estudio socioeconómico do concello de Soutomaior (2010)
- Estudio socioeconómico do concello de Tui (2010)
- Estudio socioeconómico do concello de Vigo (2010)
- Estudio socioeconómico do concello de Vilaboa (2010)

## Asesoramentos, Informes ou Estudos de Viabilidade Específicos

- Análise e revisión da convocatoria ESPON 2013 Programme coa finalidade de determinar a súa viabilidade para a súa solicitude por parte da entidade promotora (Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo).
- Análise e revisión da convocatoria Interreg IV B Sudoe - Programa de cooperación territorial coa finalidade de determinar a súa viabilidade para a súa solicitude, así coma a determinación de posibles iniciativas a desenvolver por parte da entidade promotora (Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo).
- Análise e revisión da convocatoria Programa de Cooperación Transfronteriza España-Portugal 2007-2013 coa finalidade de determinar a súa viabilidade para a súa solicitude por parte da entidade promotora (Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo).
- Asesoramento e apoio ao AEDL de O Grove na elaboración do diagnóstico socioeconómico da memoria técnica para a solicitude da figura de AEDL, baixo a convocatoria pública da Consellería de Traballo e Benestar, empregando a base de datos do SIT.
- Asesoramento e apoio ao AEDL de Baiona na elaboración da memoria para a solicitude de programas de cooperación, baixo a convocatoria pública da Consellería de Traballo e Benestar, empregando a base de datos do SIT.
- Análise do estado actual da web institucional da MAIV co obxecto de iniciar un proceso de reestruturación da mesma.


## Deseño, asesoramento e redacción de proxectos de desenvolvemento local e emprego

- Apoio na redacción da memoria de solicitude do EMPLEAVERDE, adscrito á convocatoria da Fundación Biodiversidade, por parte da entidade promotora (Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo).
- Apoio na redacción das liñas básicas do proxecto ECO MAIV, adscrito á convocatoria Interreg IV B Sudoe - Programa de cooperación territorial, para a súa solicitude por parte da entidade promotora (Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo).
- Apoio na redacción de novas ideas cara a captación de socios e a súa posterior solicitude por parte da entidade promotora (Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo) baixo a convocatoria Programa de Cooperación Transfronteriza España-Portugal 2007-2013.
- Redacción do proxecto de Unidade de Promoción e Desenvolvemento 2010-2012 para a MAIV dentro da convocatoria de axudas e subvención para o programa de escolas obradoiro e casas de oficio, de obradoiros de emprego e de unidade de promoción e desenvolvemento da Consellería de Traballo e Benestar.
- Apoio na redacción do proxecto para a solicitude dun programa de cooperación da Consellería de Traballo e Benestar para o mantemento da rede de Bancos do Tempo e do Sistema de Información Turística na Mancomunidade de Vigo.
- Apoio na redacción do proxecto da MAIV, denominado “Recuperación do Sendeiro das Greas 2010”, para a solicitude dun programa de cooperación á Consellería de Traballo e Benestar.
- Apoio na redacción das memorias de solicitude da entidade promotora (Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo): Proxecto de interpretación ambiental no sendeiro das greas GR-58 e Plan de medios on-line para o Sistema de Información Turística da MAIV adscritos á convocatoria do AGDR-18.
- Apoio na redacción da memoria de solicitude da entidade promotora (Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo): Proxecto para a posta en valor do sendeiro das greas adscrito á convocatoria de Agader, Decembro 2009 sobre proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia.
- Redacción e supervisión do resumo do análise do sector turístico do bloque 1 do PET MAIV cara a súa presentación pública.

## Deseño Web da MAIV

A raíz da renovación da web da UPD, a Mancomunidade de Vigo como entidade promotora do proxecto, solicitou a colaboración do persoal técnico da mesma para a reestruturación da paxina web da entidade. Froito desa colaboración realizáronse os seguintes traballos:

### 1. Elaboración dunha nova estrutura, máis accesible e funcional.



### 2. Un novo deseño máis actual que inclúe un CMS (xestor de contidos).



## Apoio ao Servizo de Asesoramento a Emprendedores: SAE

No que respecta ao apoio ao Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE) da Mancomunidad de Vigo que inclúe a todos os AEDLs da Mancomunidad, a UPD desenvolveu as seguintes labores:

- Apoio na labor de redacción de resumos da normativa de subvencións oficiais
- Apoio na labor de asesoramento
- Extranet so SAE

### Resumos de Normativa

Esta labor consistiu no apoio que se prestou a coordinadora do SAE para a realización de resumos de normativa oficial de subvencións publicadas nos distintos diarios oficiais, de cara a contar con recursos idóneos á hora de prestar asesoramento aos emprendedores que se achegan a MAIV. A documentación resultante forma parte dun dossier que está ao servizo dos AEDLs da MAIV e así mesmo tamén se sube á web do SAE.


### Labores de Asesoramento

En momentos puntuais os/as técnicos/as da UPD prestaron algún tipo de apoio no asesoramento a usuarios do SAE:

### Extranet do SAE

O SAE (Servizo de Asesoramento a Emprendedores) da Mancomunidad de Vigo, pediu a colaboración da UPD para desenvolver unha extranet que supervise o seguimento dos proxectos que asesora. Esta ferramenta fai posible a realización das seguintes tarefas:

- Coordinación dos técnicos de emprego dos concellos da MAIV (Mancomunidad de la Área Intermunicipal de Vigo).
- Xestión de todos os proxectos dende a idea inicial ata a creación da Empresa.
- Elaboración de datos estatísticos, para o seguimento do servizo.



## Deseño, Apoio e Dinamización a Proxectos de Formación e Emprego

### Deseño, Asesoramento e Redacción de Proxectos de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego

#### Obxectivo

- Dar resposta á necesidade das entidades promotoras de EO/OE, de contar con asesoramento e apoio no proceso de materialización da idea inicial de proxecto, así como na súa redacción.
- Formular propostas de proxectos acordes ás necesidades ocupacionais identificadas na análise socioeconómica do territorio, apostando pola incorporación de características innovadoras que diversifiquen as actividades profesionais habitualmente desenvolvidas no marco deste Programa na provincia de Pontevedra e amplíen as opcións de inserción laboral.

Para alcanzar estes obxectivos a UPD desenvolveu o seu traballo a través das seguintes áreas:

- Realización de estudos territoriais concretos para incorporalos a proxectos mais amplos.
- Asesoramento e realización de informes ou estudos de viabilidade específicos para proxectos vinculados coa recuperación patrimonial ou natural, posta en valor dos recursos endóxenos, proxectos de formación, etc.
- Deseño, asesoramento e redacción de proxectos de desenvolvemento local.
- Deseño, asesoramento e redacción de proxectos de escolas obradoiros e obradoiros de emprego.


Dende a área de Proxectos da UPD colaborouse co persoal das entidades promotoras no asesoramento e deseño deste tipo de proxectos. Consistiu, fundamentalmente, en proporcionar toda a información necesaria para a súa redacción co obxectivo de:

- garantir que as propostas se adapten ás características do territorio
- asegurar a calidade de formación, e
- fomentar a orientación á inserción laboral do alumnado traballador.

No proceso de asesoramento seguíronse as directrices establecidas pola Sección de Escolas obradoiro da Consellería de Traballo e Benestar para a realización das seguintes actividades:

- Apoio na redacción de proxectos de obra e/ou servizo.
- Cumprimentado dos anexos de solicitude correspondentes ás subvencións dos proxectos.
- Elaboración de plans formativos das especialidades dos proxectos e adecuación da obra ou servizo a ditos plans desagregados por módulos formativos.
- Elaboración de memorias socioeconómicas do concello onde se desenvolverá o proxecto.
- Elaboración dos orzamentos de gastos da subvención, no que se refire a custos derivados do persoal e do funcionamento e xestión.
- Deseño gráfico e maquetación dos proxectos.

Durante os dous anos de desenvolvemento, a UPD colaborou con diferentes entidades promotoras, asesorando e redactando un total de 29 proxectos de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, que se reflicten a continuación:



Fonte: Elaboración Propia

# O.E. O Encontro

Entidade promotora FUNDACIÓN ÉRGUETE INTEGRACIÓN

Entrega do proxecto 12/02/2009

Aprobado SI

## Destino da obra ou servizo

Dar cabida as múltiples relixións e etnias dos internos e internas do centro penitenciario.

## Especialidades

1. Albanelaría
2. Fontanaría e electricidade

## Obra ou servizo

Construción dun Centro de culto para á poboación reclusa do Centro penitenciario da Lama.

Alumnado previsto 60

Data prevista de inicio 29/06/2009

## Traballos realizados

- Formularios de solicitude:
- Estudo socioeconómico:
- Plan formativo:
- Proxecto obra o servizo:
- Orzamento de subvención:

Alumnado aprobado en resolución 26

Data de inicio definitiva 30/06/2009

Redactado pola UPD

Redactado pola entidade promotora

Redactado pola UPD

Redactado pola entidade promotora

Redactado pola UPD



# O.E. Vigo Ornamental

Entidade promotora CONCELLO DE VIGO

Entrega do proxecto 19/02/2009

Aprobado SI

## Destino da obra ou servizo

Uso dotacional: escola infantil municipal.

## Especialidades

1. Fontanería e Solar térmica
2. Carpintaría metálica e PVC
3. Albanelaría

## Obra ou servizo

Rehabilitación da antiga Escola "Mestres Goldar".  
Remodelación dun tramo da Avda. de Europa.

Concello de Vigo  
Obradoiro de emprego  
"Vigo ornamental"

DOCUMENTACIÓN

Especialidades:

Albanelaría  
Carpintaría metálica e PVC  
Electricidade  
Fontanería solar térmica

UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL  
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO  
Vía do Regenerante nº 17 - 1º  
36200 Vigo (Pontevedra) España  
T 986 42 22 66 - F 986 42 16 62  
info@vigo.org - www.vigo.org

Alumnado previsto 60

Data prevista de inicio 29/06/2009

## Traballos realizados

- Formularios de solicitude:
- Estudo socioeconómico:
- Plan formativo:
- Proxecto obra o servizo:
- Orzamento de subvención:

Alumnado aprobado en resolución 30

Data de inicio definitiva 29/10/2009

- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola entidade promotora
- Redactado pola UPD

# O.E. Marín Social

Entidade promotora CONCELLO DE MARÍN

Entrega do proxecto 20/02/2009

Aprobado SI

## Destino da obra ou servizo

Atención a persoas dependentes facilitando a permanencia no seu entorno.

Dar resposta as necesidades de atención a menores de idades comprendidas desde os 3 aos 12 anos.

Revalorización paisaxística das zonas verdes para goce da cidadanía.

## Especialidades

1. Auxiliar de axuda a domicilio
2. Educación infantil
3. Xardinaría

## Obra ou servizo

Servizo de axuda no fogar.

Servizo de educación infantil.

Mellora de acondicionamento de xardíns e parques do Concello de Marín e produción de planta de flor e arbustos.

Concello de Marín  
Obradoiro de emprego  
"Marín social"

DOCUMENTACIÓN  
Especialidades:

- Auxiliar de axuda a domicilio
- Educación infantil
- Xardinaría

UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO  
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO  
Vía do Hospital nº 17 - 1º  
36200 Vigo (Pontevedra) España  
T 986 42 10 44 F 986 42 14 44  
info@marin.org www.marin.org

Alumnado previsto 45

Data prevista de inicio 29/06/2009

## Traballos realizados

- Formularios de solicitude:
- Estudo socioeconómico:
- Plan formativo:
- Proxecto obra o servizo:
- Orzamento de subvención:

Alumnado aprobado en resolución 26

Data de inicio definitiva 30/06/2009

- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola entidade promotora
- Redactado pola UPD

# O.E. Estrada VII

Entidade promotora CONCELLO DA ESTRADA

Entrega do proxecto 24/02/2009

Aprobado SI

## Destino da obra ou servizo

Centros cívicos e locais sociais de uso público.

## Especialidades

1. Albanelaría
2. Instalacións de elementos de carpintaría
3. Fontanaría Electricidade Solar térmica

## Obra ou servizo

Rehabilitación da escola unitaria de Lagartóns.

Rehabilitación da escola unitaria de Toedo.

Rehabilitación da escola unitaria de Santa Cristina de Veá.

Instalación de paneis solares no Campo de Fútbol da Baiuca.

Rehabilitación do centro deportivo cultural Escola Guimarei.

Rehabilitación da escola unitaria de Santo André de Veá.

Concello de A Estrada  
Obradoiro de emprego  
"A Estrada VII"

DOCUMENTACIÓN  
Especialidades:

Atención socio-sanitaria a persoas no domicilio  
Albanelaría  
Carpintaría  
Fontanaría-electricidade solar térmica

UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO INTERMUNICIPAL DE VIGO  
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO  
Vía dos Regeneradores nº 17 - 1º  
36200 Vigo (Pontevedra) España  
T 986 42 22 66 - F 986 42 16 42  
info@maia.org - www.maia.org

Alumnado previsto 46

Data prevista de inicio 30/06/2009

## Traballos realizados

- Formularios de solicitude:
- Estudo socioeconómico:
- Plan formativo:
- Proxecto obra o servizo:
- Orzamento de subvención:

Alumnado aprobado en resolución 26

Data de inicio definitiva 01/10/2009

- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola entidade promotora
- Redactado pola UPD

# O.E. Monte das Flores IV

Entidade promotora CONCELLO DO GROVE

Entrega do proxecto 26/02/2009

Aprobado SI

## Destino da obra ou servizo

Atención a persoas dependentes facilitando a permanencia no seu entorno.

Servizo de información turística medioambiental á cidadanía.

## Especialidades

1. Atención sociosanitaria a persoas no domicilio
2. Educación medioambiental

## Obra ou servizo

Atención sociosanitaria a persoas dependentes.

Elaboración de materias e recursos que faciliten o coñecemento do medioambiente e outras tarefas para a súa potenciación.

Concello de O Grove  
Obradoiro de emprego  
"Monte das Flores IV"

DOCUMENTACIÓN  
Especialidades:

Albanalería  
Fontanería solar térmica  
Atención socio-sanitaria a persoas no domicilio  
Educación medioambiental

INICIO DE PROMOCIÓN E DESARROLLO ECONÓMICO  
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO  
Vía do Hospitalidade nº 11 - 1º  
36200 O Grove (Pontevedra) España  
T 986 02 10 66 - F 986 02 14 66  
info@monteflores.org - www.monteflores.org

Alumnado previsto 34

Data prevista de inicio 29/06/2009

## Traballos realizados

- Formularios de solicitude:
- Estudo socioeconómico:
- Plan formativo:
- Proxecto obra o servizo:
- Orzamento de subvención:

Alumnado aprobado en resolución 26

Data de inicio definitiva 30/06/2009

- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola entidade promotora
- Redactado pola UPD

# O.E. Santa Xusta

Entidade promotora CONCELLO DE MORAÑA

Entrega do proxecto 27/02/2009

Aprobado SI

## Destino da obra ou servizo

Uso público do centro cultural.

Uso público das instalacións deportivas.

## Especialidades

1. Albanelaría
2. Carpintaría
3. Xardinaría

## Obra ou servizo

Rehabilitación do Centro de Interpretación do Patrimonio Cultural “Santa Xusta” 2ª fase.

Acondicionamento e mellora das instalacións deportivas do campo de fútbol de Mirallos.

Mellora e acondicionamento das zonas verdes e xardíns do contorno do centro de interpretación do patrimonio cultural “Santa Xusta”.

Concello de Moraña  
Obradoiro de emprego  
“Santa Xusta”

DOCUMENTACIÓN  
Especialidades:

Albanelaría  
Carpintaría  
Actividades auxiliares en  
viveiros, xardíns e centros  
de xardinaría

UNIDADE DE PROMOCIÓN  
E DESENVOLVEMENTO  
COMUNITARIO

MANCOMUNIDADE  
DA ÁREA  
INTERMUNICIPAL DE VIGO

Vía do Regenerante nº 17 - 1º  
36200 Moraña (Pontevedra) España  
T 986 42 22 66 - F 986 42 16 42  
inform@mor.es - www.mor.es

Alumnado previsto 36

Data prevista de inicio 30/06/2009

## Traballos realizados

- Formularios de solicitude:
- Estudo socioeconómico:
- Plan formativo:
- Proxecto obra o servizo:
- Orzamento de subvención:

Alumnado aprobado en resolución 26

Data de inicio definitiva 30/06/2009

- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola entidade promotora
- Redactado pola UPD

# O.E. Covelo Natura Sostible AQA

Entidade promotora CONCELLO DE COVELO

Entrega do proxecto 27/02/2009

Aprobado SI

## Destino da obra ou servizo

Revalorización de espazos públicos para a cidadanía.

## Especialidades

1. Cantería
2. Carpintaría
3. Traballo forestal - Viveirismo

## Obra ou servizo

Restauración dos muíños: Ponte Piñeiros, Porta Furada e Maceira e dos Matadoiros de Covelo e de Maceira.

Recuperación dos espazos naturais: Foxo do Lobo, Rede Natura Río Alén, do Camiño Real Covelo e da ruta AQA.

Concello de Covelo  
Obradoiro de emprego  
"Covelo Natura Sostible AQA"

DOCUMENTACIÓN  
Especialidades:

Cantería  
Carpintería  
Electricidade - enerxía minihidráulica  
Traballo forestal - viveirismo

UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO INTERMUNICIPAL  
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO  
Vía do Hospital de nº 11 - 1º - 36200 Ourense (Provincia de Ourense)  
T 988 02 10 66 - F 988 47 14 45  
info@univigo.org - www.univigo.org

Alumnado previsto 48

Data prevista de inicio 29/06/2009

## Traballos realizados

- Formularios de solicitude:
- Estudo socioeconómico:
- Plan formativo:
- Proxecto obra o servizo:
- Orzamento de subvención:

Alumnado aprobado en resolución 26

Data de inicio definitiva 30/06/2009

- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola entidade promotora
- Redactado pola UPD

# E.O. Mar de Vigo V

Entidade promotora CONCELLO DE VIGO

Entrega do proxecto 19/05/2009

Aprobado SI

## Destino da obra ou servizo

Revalorización das embarcacións tradicionais para uso municipal.

## Especialidades

1. Carpintaría de ribeira
2. Novas técnicas de construción naval
3. Actividades náuticas

## Obra ou servizo

Elaboración e mantemento de embarcacións tradicionais.

Servizo de actividades de navegación, socorrismo acuático e de ocio.

Deseño e elaboración de embarcacións deportivas con fibras reforzadas.

Concello de Vigo  
Obradoiro de emprego  
"Mar de Vigo V"

DOCUMENTACIÓN  
Especialidades:

- Carpintaría de Ribeira
- Actividades Náuticas
- Novas técnicas de construción naval

Vía de Información nº 17 - 1º  
28002 Vigo - Pontevedra (España)  
T 986 47 33 66 - F 986 47 14 64  
inform@org - www.mar.org

Alumnado previsto 45

Data prevista de inicio 30/12/2009

## Traballos realizados

- Formularios de solicitude:
- Estudo socioeconómico:
- Plan formativo:
- Proxecto obra o servizo:
- Orzamento de subvención:

Alumnado aprobado en resolución 33

Data de inicio definitiva 29/12/2009

- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD e polo equipo docente
- Redactado pola UPD e polo equipo docente
- Redactado pola entidade promotora
- Redactado pola UPD



# O.E. Concello de Rodeiro

Entidade promotora CONCELLO DE RODEIRO

Entrega do proxecto 08/06/2009

Aprobado NON

## Destino da obra ou servizo

Centro educativo e de formación veciñal.  
Atención a persoas maiores con minusvalías e as súas familias.

## Especialidades

1. Albanelaría
2. Auxiliar de axuda a domicilio
3. Instalación Fontanaría e electricidade

## Obra ou servizo

Rehabilitación de antigas escolas para destinalas a centros sociais.  
Atención a persoas dependentes con limitacións na súa autonomía persoal.

Alumnado previsto 39

Data prevista de inicio 30/12/2009

## Traballos realizados

- Formularios de solicitude:
- Estudo socioeconómico:
- Plan formativo:
- Proxecto obra o servizo:
- Orzamento de subvención:

Alumnado aprobado en resolución -

Data de inicio definitiva -

- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola entidade promotora
- Redactado pola UPD

# O.E. Restauración Aldea Alfacuca

Entidade promotora CONCELLO DE MOS

Entrega do proxecto 11/06/2009

Aprobado SI

## Destino da obra ou servizo

Recuperación e posta en valor da aldea da Alfacuca.  
Atención a persoas dependentes ou discapacitadas pertencentes a asociacións ou entidades locais.

## Especialidades

1. Cachotería
2. Traballo forestal
3. Carpintaría
4. Auxiliar de axuda a domicilio

## Obra ou servizo

Restauración da aldea Alfacuca, composta por dúas vivendas tradicionais, con anexos, hortas e camiños do conxunto.

Asistencia domiciliaria a persoas dependentes.

Concello de Mos  
**Obradoiro de emprego**  
"Restauración da aldea de Alfacuca"

**DOCUMENTACIÓN**  
Especialidades:

- Cachotería
- Traballo forestal
- Carpintaría
- Axuda a domicilio
- Coidador/a de discapacitados/as físicos e psíquicos

Unidade de Promoción e Desenvolvemento  
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO  
Vía da República s/n - 1º - 36201 Vigo - Pórtico de Susaeta  
T: 986 42 33 44 - F: 986 47 12 44  
info@comunidade.org - www.mos.org

Alumnado previsto 45

Data prevista de inicio 30/12/2009

## Traballos realizados

- Formularios de solicitude:
- Estudo socioeconómico:
- Plan formativo:
- Proxecto obra o servizo:
- Orzamento de subvención:

Alumnado aprobado en resolución 33

Data de inicio definitiva 30/12/2009

- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola entidade promotora
- Redactado pola UPD

# O.E. Nigrán III

Entidade promotora CONCELLO DE NIGRÁN

Entrega do proxecto 11/06/2009

Aprobado NON

## Destino da obra ou servizo

Espazos naturais do concello. Atención a persoas maiores dependentes e as súas familias.

## Especialidades

1. Instalación de elementos de carpintería
2. Atención socioeconómica a persoas no domicilio
3. Turismo medioambiental

## Obra ou servizo

Dotación de elementos de mobiliario urbano en espazos naturais protexidos.

Atención sociosanitaria a persoas no domicilio para facilitar a súa permanencia no seu entorno.

Desenvolvemento de Programas Integrais de Turismo, centrándose no turismo ambiental planificado.

Alumnado previsto 36

Data prevista de inicio 30/12/2009

## Traballos realizados

- Formularios de solicitude:
- Estudo socioeconómico:
- Plan formativo:
- Proxecto obra o servizo:
- Orzamento de subvención:

Alumnado aprobado en resolución -

Data de inicio definitiva -

Redactado pola UPD

Redactado pola UPD

Redactado pola UPD

Redactado pola entidade promotora

Redactado pola UPD

# O.E. Pedro Madruga

Entidade promotora CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Entrega do proxecto 12/06/2009

Aprobado SI

## Destino da obra ou servizo

Promoción do turismo gastronómico mediante xornadas de degustación de pratos típicos galegos.

Colaboración con un servizo de comedor social coa Asociación Cáritas de Arcade.

## Especialidades

1. Operacións básicas de cociña
2. Camareiro/a de restaurante bar

## Obra ou servizo

Elaboración de pratos típicos para a súa degustación en centros de ensinanza e festas do concello.

Servizo de elaboración de menús para a Asociación Cáritas.

The infographic features the coat of arms of Soutomaíor at the top left. The title 'Concello de Soutomaíor Obradoiro de hostalaría de Soutomaíor' is in orange. A yellow box contains the text 'DOCUMENTACIÓN Especialidades:' followed by icons for a chef and a bar, and the text 'Operacións básicas de cociña' and 'Camareiro/a de restaurante-bar'. Below this are four Polaroid photos of food: a croquette, green peppers, tomatoes, and a dish with cheese. At the bottom, there are logos for 'Unidade de Promoción e Desenvolvemento Económico', 'MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO', and contact information for the 'Vía de Regeneración'.

Alumnado previsto 30

Data prevista de inicio 30/12/2009

## Traballos realizados

- Formularios de solicitude:
- Estudo socioeconómico:
- Plan formativo:
- Proxecto obra o servizo:
- Orzamento de subvención:

Alumnado aprobado en resolución 25

Data de inicio definitiva 29/12/2009

- Redactado pola UPD
- Redactado pola entidade promotora
- Redactado pola UPD
- Redactado pola entidade promotora
- Redactado pola UPD

# O.E. Vilaboa III

Entidade promotora CONCELLO DE VILABOA

Entrega do proxecto 12/06/2009

Aprobado NON

## Destino da obra ou servizo

Uso público.

## Especialidades

1. Albanelaría
2. Instalación de elementos de carpintería
3. Traballo forestal

## Obra ou servizo

Restauración dos muíños do entorno do río Trasmil e recuperación do seu entorno.

Recuperación do ecosistema fluvial e creación dunha senda verde.

Restauración do muíño a antigüidade en Figueirido.

Creación dunha senda verde o longo do río Cocho-Toxal, rexeneración ambiental e recuperación do muíño existente.

Reforma dunha edificación antiga para a súa transformación en local de usos múltiples.



Alumnado previsto 30

Data prevista de inicio 28/12/2009

## Traballos realizados

- Formularios de solicitude:
- Estudo socioeconómico:
- Plan formativo:
- Proxecto obra o servizo:
- Orzamento de subvención:

Alumnado aprobado en resolución -

Data de inicio definitiva -

- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola entidade promotora
- Redactado pola UPD

# O.E. Pontecesures II

Entidade promotora CONCELLO DE PONTECESURES

Entrega do proxecto 12/06/2009

Aprobado SI

## Destino da obra ou servizo

Uso público

## Especialidades

1. Traballo forestal
2. Albanelaría
3. Fontanaría solar e térmica

## Obra ou servizo

Rehabilitación do muíño do Regato da Chancela.

Adecuación funcional do entorno da Casa da Cultura para a supresión de barreiras arquitectónicas e a mellora da accesibilidade.

Acondicionamento do cemiterio da capela Virxe do Carme mediante pavimentación do aparcadoiro , do camiño lateral e creación dunha rampla peonil.

Acondicionamento dos baños do pavillón municipal para persoas discapacitadas e creación dun ximnasio anexo.

Instalación de equipos necesarios para o acondicionamento e climatización da Biblioteca Municipal.

Concello de Pontecesures  
Obradoiro de emprego  
"Pontecesures II"

DOCUMENTACIÓN  
Especialidades:

- Traballo forestal
- Albanelaría
- Fontanaría de montaxe e mantemento de instalación solar térmica

Unidade de Promoción e Desenvolvemento  
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO  
Vía da República s/n - 36201 Vigo - Pontevedra (España)  
T: 986 42 33 45 - F: 986 42 12 44  
info@mancomunidad.org - www.mancom.org

Alumnado previsto 45

Data prevista de inicio 28/12/2009

## Traballos realizados

- Formularios de solicitude:
- Estudo socioeconómico:
- Plan formativo:
- Proxecto obra o servizo:
- Orzamento de subvención:

Alumnado aprobado en resolución 33

Data de inicio definitiva 28/12/2009

- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola entidade promotora
- Redactado pola UPD

# O.E. Bueu II

Entidade promotora CONCELLO DE BUEU

Entrega do proxecto 15/06/2009

Aprobado NON

## Destino da obra ou servizo

Creación e mantemento de fondos documentais do concello.

Servizo de promoción turística do concello.

## Especialidades

1. Arquivo e documentación
2. Deseño gráfico
3. Promoción turística e información ao visitante

## Obra ou servizo

Documentación de todos os recursos do concello, naturais, patrimoniais, culturais, etc.

Creación de material, mediante deseño gráfico, para utilizalo na promoción do concello na páxina Web e en folletos, cartelería, etc.

Poñer en marcha un servizo de difusión e dinamización turística dos recursos naturais, culturais e patrimoniais.



Alumnado previsto 30

Data prevista de inicio 30/12/2009

## Traballos realizados

- Formularios de solicitude:
- Estudo socioeconómico:
- Plan formativo:
- Proxecto obra o servizo:
- Orzamento de subvención:

Alumnado aprobado en resolución -

Data de inicio definitiva -

- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD
- Redactado pola entidade promotora
- Redactado pola UPD



# O.E. Ergasía Baiona

Entidade promotora CONCELLO DE BAIONA

Entrega do proxecto 15/06/2009

Aprobado NON

## Destino da obra ou servizo

Mellora do aspecto e a funcionalidade de espazos públicos.

Persoas maiores dependentes.

Atender a demanda do turismo no concello.

## Especialidades

1. Traballo forestal
2. Instalación de elementos de carpintería
3. Atención sociosanitaria en institucións sociais
4. Animador/a turístico

## Obra ou servizo

Instalación de mobiliario urbano en carpintería de madeira e mobiliario interior diferentes espazos e locais públicos.

Rexeneración de canles de ríos e sendas fluviais mediante limpeza e plantación de especies autóctonas. Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións locais.

Animación turística nas distintas actividades e festas do concello.

Concello de Baiona  
Obradoiro de emprego  
"Ergasia"

DOCUMENTACIÓN  
Especialidades:

- Traballo forestal
- Instalación elementos de carpintería
- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio
- Animador/a turístico

Unidade de Promoción e Desenvolvemento  
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO  
Rúa da Espiñeira s/n - 1º - 1º  
36200 Pobra - Pórtago (Baiona)  
T 986 42 23 46 - F 986 42 18 04  
www.ergasia.org

Alumnado previsto 42

Data prevista de inicio 30/12/2009

## Traballos realizados

- Formularios de solicitude:
- Estudo socioeconómico:
- Plan formativo:
- Proxecto obra o servizo:
- Orzamento de subvención:

Alumnado aprobado en resolución -

Data de inicio definitiva -

- Redactado pola UPD
- Redactado pola UPD e pola entidade promotora
- Redactado pola UPD
- Redactado pola entidade promotora
- Redactado pola UPD

# O.E. Monte das Flores V

Entidade promotora CONCELLO DO GROVE

Entrega do proxecto 14/04/2010

Aprobado NON

## Destino da obra ou servizo

Uso e goce dos recursos naturais da cidadanía.

Turismo do concello.

Mellora das condicións de vida das persoas dependentes.

## Especialidades

1. Traballo forestal
2. Promoción turística local e información ao visitante
3. Atención sociosanitaria a persoas en domicilio e en institucións sociais

## Obra ou servizo

Recuperación medioambiental no Monte do Louxo.

Poñer en marcha actividades de dinamización turística local dos recursos naturais, culturais e patrimoniais.

Atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio e en institucións sociais.

O Grove C.C.P. Concello de O Grove  
**Obradoiro de emprego  
"Monte das Flores V"**

**DOCUMENTACIÓN**  
Especialidades:

- Traballo Forestal
- Promoción Turística Local
- Atención sociosanitaria no domicilio e en institucións sociais

